

CURRÍCULO

Educación secundaria obligatoria

2º Xeografía e Historia

1. Xeografía e Historia

1.1 Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercitar a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa en que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito, implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle formula dilemas e na cal o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos a que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se lles deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispoñen a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.

Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se concede agora tanto á Xeografía como á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais, a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global, o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable, o exercicio da solidariedade e a cohesión social, o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades, o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas, a valoración e conservación do patrimonio, a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas —o

pensamento xeográfico e o histórico— coa capacidade crítica e de concienciación. O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial ao redor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. E é que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha procura sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico. O pensamento histórico defínese como o proceso levado a cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre estes, desde unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos. Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas) sobre o cal é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.

Tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades. É precisamente esta multidimensionalidade da avaliación, que relaciona a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento e a posta en acción de destrezas e procesos, así como o exercicio e incorporación de actitudes, valores e compromisos, a que debe facer dos criterios a guía das intencións e das estratexias educativas. Porque todas estas facetas formativas deben verse comprometidas nas iniciativas e aprendizaxe do alumnado con base nunha consideración integral da súa formación. Hai, polo tanto, un avance na óptica curricular que profunda na substitución da acumulación enumerativa enciclopedista baseada na memorización de datos polo afondamento do coñecemento, a

aplicación práctica da aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias que permitan avaliar o alumnado desde unha perspectiva multifocal. A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da cal partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo en que vive. Trátase de non incorrer en enfoques exclusivamente academicistas na presentación e organización dos contidos, tradicionalmente dispostos en campos disciplinares estancos, excesivamente concretos, pechados en ámbitos temáticos e a través de secuencias diacrónicas sucesivas, promovendo unha perspectiva máis aberta e flexible, na cal as dimensións do espazo e do tempo poidan ser interpretadas e desenvolvidas ao longo de todos os cursos, permitindo combinar a xeografía e a historia e conectar os seus métodos e campos de estudo.

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable. Tamén a incidir no desenvolvemento de procesos de aprendizaxe relacionados coa sociedade da información e do coñecemento, que exixen unha constante actualización e posta ao día, así como a dispoñer das destrezas e actitudes necesarias para actuar adecuadamente nas plataformas dixitais e redes de comunicación. Con este enfoque baseado en problemas sociais relevantes preténdese espertar no alumnado a conciencia histórica sobre problemas, conflitos e incertezas actuais, complementando as visións xeográfica e histórica da sociedade a través da súa dinámica e evolución no tempo. Perséguese que os xuízos propios e a capacidade de diálogo e de debate estean fundamentados e argumentados, previndo a desinformación, a falta de criterio e as actitudes intolerantes e contribuíndo a que o alumnado sexa capaz de formular solucións ao presente para o futuro.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e na experimentación. Os contidos deste bloque están organizados arredor das grandes cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Tales cuestións preséntanse, de maneira transversal, a través das distintas etapas históricas, desde a Prehistoria ata a Idade Moderna nos dous primeiros cursos, e no mundo contemporáneo en terceiro e cuarto, contribuíndo en todos os casos á comprensión xeral de

permanencias e cambios, e contextualizando e mostrando, de ser o caso, a conexión co presente dos fenómenos analizados.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente, que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia ou o sentirse parte activa do devir da sociedade. Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos cales complementa e lles dá significado, como pola súa proxección social e cidadá.

En cada un dos catro cursos cada bloque divídese, pola súa vez, en epígrafes con aspectos xenéricos clave. Tales bloques non son nin homoxéneos nin equilibrados, polo que non é preciso que se correspondan de forma directa con cada unha das avaliacións do curso ordinario, á vez que permiten subdivisións ou alteracións internas.

A proposta pretende darlles a liberdade suficiente a cada departamento e ao seu profesorado, para a organización destes contidos, a súa programación, secuenciación, parcelación e enfoque. Isto inclúe a posibilidade de realizar un percorrido cronolóxico —diacrónico ou invertido— ou transversal, dentro dos aspectos tratados en cada curso —enténdase referido tamén á metodoloxía e ás estratexias específicas—, en función dos obxectivos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica cun enfoque multicausal e desde a perspectiva do estudo comparado. En calquera caso, a atención á individualidade e á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aptitudes, ha de permitir a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

Doutra banda, o papel vertebrador de procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilita a formulación de estratexias interdisciplinares ao longo dos catro cursos da etapa. A capacidade de contextualizar as aprendizaxes e conectalas con problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, permite dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado, así como crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propicien a participación e o compromiso coa contorna e coa comunidade.



1.2 Obxectivos

Obxectivos da materia
<p>OBX1. Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Este obxectivo pretende dotar o alumnado das ferramentas, destrezas e capacidades que lle faciliten a adquisición e incorporación de datos, contidos e saberes. Iso implica a utilización de sistemas de procura, bases de datos e plataformas de recursos en contornas dixitais accesibles ao alumnado, ademais da utilización doutro tipo de documentos e fontes xeográficas e históricas de diversa tipoloxía, sobre as cales se poderá analizar e valorar o seu uso veraz, confiable e seguro, e a intencionalidade na interpretación dos procesos.▪ A lectura comprensiva; a crítica de fontes; o manexo, organización e clasificación de datos a través da elaboración de recursos propios, mediante a xeración de bases de datos e táboas; o deseño de esquemas para establecer relacións e conexións; a redacción de textos de sínteses, así como o emprego de estratexias adecuadas para conectar e organizar eficazmente a información compartida, tanto en contornas individuais como colectivas, constitúen outros procesos básicos que hai que incluír.
<p>OBX2. Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Este obxectivo persegue a xeración de xuízos propios a partir do contraste de distintas fontes de información e da súa conexión con distintas correntes de pensamento e movementos ideolóxicos, así como a súa exposición argumentada a través de diálogos e debates sobre asuntos centrais da actualidade e do pasado. Incorpora o intercambio de ideas e a formación da identidade individual, o afianzamento dunha actitude respectuosa e a creación dunha conciencia cívica que inclúa o respecto a outras formas de pensar e valorar.▪ Por outra banda, a capacidade discursiva, utilizando diferentes medios de expresión e distintas canles de comunicación, debe incorporar o manexo adecuado e correcto de conceptos, datos e situacións acordes co contexto.▪ Finalmente, a consecución deste obxectivo ha de xerar a necesidade de elaborar produtos capaces de reflectir con orixinalidade e creatividade ideas e pensamentos, o que contribúe ao enriquecemento cultural e artístico que conforma o noso acervo común.
<p>OBX3. Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ A análise e a comprensión dos fenómenos, situacións ou acontecementos que teñen unha especial relevancia ou interese no mundo en que vive o alumnado é o que se persegue con este obxectivo. O mellor medio para alcanzalo é mediante a aprendizaxe a través de proxectos, retos ou problemas, tanto individualmente como en equipo.▪ Este modo de aprendizaxe outórgalle tamén ao alumnado o protagonismo na construción do coñecemento e un papel activo na xeración de contidos por medio de procesos e estratexias de indagación e investigación, a través



do manexo de distintas formas de representación gráfica, cartográfica e visual, e do uso correcto, crítico e eficaz dos medios de comunicación, profundando na capacidade de discernir desinformación deliberada e opinións infundadas.

- Igualmente, implica dotar as iniciativas que levan a cabo dun sentido de utilidade, conectándoas con problemas actuais que afectan a súa comunidade e que requiran da súa análise, comprensión e compromiso. Deste xeito, calquera tema do pasado ou do presente adquire significación, na medida en que contribúe a entender a realidade e a valorar propostas e alternativas aos desafíos actuais e ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

OBX4. Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.

- Identificar os elementos e relacións da contorna, o seu equilibrio e evolución, e facelo a partir do descubrimento e da análise é o que busca este obxectivo, que ademais pretende, mediante a explicación multicausal, facilitar a comprensión e a necesaria actitude responsable con vistas á súa conservación.
- Busca, así mesmo, que o alumnado, non sen antes valorar os resultados positivos en certos ámbitos do progreso, a civilización, a técnica e a cultura, se cuestione eticamente as consecuencias do desenvolvemento tecnolóxico e a globalización con respecto á diversidade cultural, a competencia polos recursos, a conflitividade internacional, as migracións, o despoboamento rural e, en xeral, a degradación da vida na Terra.
- Doutra banda, a calidade ambiental dos espazos en que vivimos, sexan contornas naturais, rurais ou urbanas, determina, en varios sentidos, o presente e o futuro do alumnado, que debe valorar as posibilidades que se lle ofrecen para o seu desenvolvemento persoal, pero tamén as limitacións que hai que implementar para asegurar o mantemento e o coidado dos devanditos espazos, atendendo a problemas como a contaminación das grandes urbes e o despoboamento do medio rural.
- O logro deste obxectivo implica tamén a toma de conciencia sobre a gravidade das consecuencias da crise climática e a exigencia de adoptar condutas respectuosas coa dignidade de todos os seres vivos, tendente a asegurar un desenvolvemento sustentable. Debe, ademais, promover posturas activas e de participación con respecto á mellora, en xeral, da contorna, tanto nunha escala local como global, e en favor dunha repartición xusta, equitativa e solidaria dos recursos nun sentido global.

OBX5. Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.

- Mediante este obxectivo preténdese alcanzar o coñecemento e a comprensión dos principios, valores e fundamentos que conforman o noso modelo de convivencia e que están recollidos na Constitución española e plasmados no Estatuto de autonomía de Galicia, garantindo o exercicio das nosas liberdades e dereitos, e promovendo a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, a cohesión social, o cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades e a asunción dos deberes cívicos.
- O alumnado ha de ver a Constitución e o Estatuto de autonomía como o produto non só dun determinado momento do pasado próximo —a transición á democracia— senón como o resultado dunha traxectoria máis dilatada no tempo que integra os movementos, accións e acontecementos que, desde distintas culturas políticas,



contribuíron ao afianzamento das ideas e valores que axudaron a conformar o sistema democrático actual. Supón, polo tanto, o recoñecemento da memoria democrática e a análise dos distintos momentos históricos que a conforman, en especial, a perda das liberdades e dereitos tras o golpe de Estado do 1936, así como a visibilización da achega das mulleres, que marcaron, a través do seu compromiso e da acción pacífica, gran parte dos avances e logros do Estado social e de dereito de que hoxe gozamos.

- Perséguese, en fin, proporcionarlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos; instar o exercicio da mediación para buscar unha xestión pacífica dos conflitos e promover unha actitude de vixilancia ante calquera ameaza ou cuestionamento que non se enmarque no contexto dos procedementos que a propia Constitución inclúe para a súa reforma.

OBX6. Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.

- Busca este obxectivo que o alumnado entenda a multiculturalidade como o froito de procesos históricos de contacto e interrelación entre distintos pobos e culturas e, máis recentemente, do acelerado proceso de globalización. Tamén como o resultado do recoñecemento da diversidade e do respecto á diferenza no seo da propia sociedade, algo que resulta substancial para a formación cidadá e que supón o desenvolvemento dunha actitude favorable ao avance dos dereitos sociais. É por iso polo que resultan necesarios o coñecemento e a valoración dos distintos movementos que foron xurdindo para a defensa dos dereitos e liberdades de colectivos especialmente discriminados e, de maneira referencial, do feminismo.
- Así mesmo, é preciso o coñecemento e difusión doutras culturas, particularmente a propia do pobo xitano, contribuíndo así á valoración das diferenzas culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos. Neste sentido é fundamental erradicar comportamentos segregadores, especialmente os relacionados co xénero e coas diferenzas etnoculturais, así como o desenvolvemento de actitudes e accións en favor da igualdade real entre mulleres e homes, e da convivencia con persoas diferentes.
- O alumnado debe concibir que a comunidade é a suma de todos e cada un e que debemos convivir en igualdade de dereitos, de oportunidades e de responsabilidades, tendo en conta que o benestar colectivo depende tamén das nosas achegas individuais.

OBX7. Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

- Este obxectivo atende aos procesos de identificación colectiva, co fin de alcanzar a comprensión dos distintos elementos que contribuíron á súa construción e evolución, tales como o territorio, a historia, a arte, a lingua e a cultura.
- Persegue, así mesmo, a comprensión dos mecanismos sociais e emocionais que levan a xerar diferentes sentimentos de pertenza ao longo da historia, respectalos nas súas manifestacións e valorar a importancia que teñen as súas múltiples expresións culturais e artísticas, como parte que son do rico acervo común. Así, recoñecer o significado histórico e simbólico do patrimonio material e inmaterial, e impulsar accións tendentes á súa conservación,



promoción e posta en valor como recurso colectivo para o desenvolvemento das nosas vilas resultan procesos fundamentais para que se tome conciencia da súa importancia.

- Os sentimentos de identidade deben valorarse desde as súas diferentes escalas e en relación coas súas consecuencias, tomando conciencia dos conflitos que nalgúns casos contribuíron a ocasionar e da necesidade de recoñecer o sufrimento das vítimas da violencia e do terrorismo.
- De especial relevancia resulta integrar principios de cohesión e solidariedade territorial, así como concibir a nosa presenza no mundo desde un compromiso fraternal e universal que transcenda as fronteiras, asumindo os valores do europeísmo e os principios que emanan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

OBX8. Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.

- A identificación dos diversos compoñentes que conforman a personalidade (cognitivo, moral, emocional etc.) e o seu devir histórico constitúen o punto de partida deste obxectivo, que persegue, así mesmo, a toma de conciencia do transcurso do ciclo vital, dos seus principais estadios e o papel social que lle correspondeu a cada un deles, así como as diferenzas existentes respecto diso nas distintas culturas, a súa evolución na historia e, de maneira máis próxima, os cambios que se producen arredor das xeracións máis próximas e as relacións entre elas.
- Todo iso implica a análise e coñecemento das razóns polas cales se produce a división do traballo como paso previo para abordar a corresponsabilidade no ámbito familiar e analizar criticamente os roles do xénero e idade, ademais de adoptar un compromiso, neste sentido, coa contorna social próxima. Doutra banda, o traballo e as obrigas laborais foron a base da supervivencia humana ao longo da historia, e dispoñer dunha adecuada orientación profesional e valorar os cambios do mercado laboral son imprescindibles para que o alumnado trace a súa traxectoria académica, asuma as súas responsabilidades e deseñe os seus horizontes de futuro.
- O alumnado ha de entender que a esperanza e a calidade de vida están relacionadas tamén cos estilos de vida e hábitos que se adquiren individual e colectivamente na contorna cultural e familiar.
- Relacionado co anterior, preténdese que oriente o esparexemento cara a actividades enriquecedoras, contribuíndo a un uso adecuado e ético da tecnoloxía e promovendo o compromiso activo e o voluntariado.

OBX9. Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.

- A seguridade integral, garantida por institucións e entidades, constitúe a base da convivencia na nosa sociedade e do exercicio da cidadanía. No mundo global de hoxe a seguridade debe concibirse dun modo xeral, así como tamén no contexto das relacións e interaccións con outros pobos. Mediante a consecución deste obxectivo búscase que o alumnado logre coñecer os grandes fluxos de difusión cultural e técnica e do comercio internacional, así como no contexto das relacións políticas e diplomáticas, sen eludir a análise crítica dos conflitos e do recurso á forza; valorar o papel que representaron os distintos territorios e sociedades nesas redes de intercambio, marcadas pola desigualdade e polas percepcións etnocéntricas, tratando de evitar lecturas mitificadoras duns e reducionistas doutros; considerar e valorar toda achega á civilización europea e mundial do noso país con perspectiva e desde a consideración de valores universais relacionados coa paz, a cultura, a xustiza e a solidariedade;



interesarse pola realidade internacional e os problemas existentes no mundo en que vivimos, tratando de que valore a formación de alianzas internacionais como un elemento imprescindible para lograr afrontar os grandes retos a que se enfrenta a humanidade, e asumir o compromiso colectivo de formar parte de programas e misións que contribúan á seguridade e á paz mundial, e á cooperación con outros países en situación de emerxencia ou pobreza, baixo a garantía de organismos e entidades estatais e internacionais que aseguren o logro dos grandes compromisos contidos nos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

1.3 Criterios de avaliación e contidos

Segundo curso

Materia de Xeografía e Historia 2º curso	
Bloque 1. Retos do mundo actual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1 Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos a que nos enfrentamos no mundo e en España e Galicia. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA1.7. Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia 	OBX9



social e a cooperación entre os pobos.	
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. ▪ Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. ▪ Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. ▪ Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. ▪ Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. ▪ A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. 	
Bloque 2. Sociedades e territorios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.5. Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.6. Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.7. Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social. 	OBX7



<ul style="list-style-type: none"> CA2.8. Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. 	OBX7
<p>Contidos</p>	
<ul style="list-style-type: none"> Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social durante a Idade Media e a Idade Moderna. A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. 	
<p>Bloque 3. Compromiso cívico e global</p>	
<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Obxectivos</p>
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas cales se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándooas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais. 	OBX5



<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA3.7. Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigas en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA3.8. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable. 	OBX9

Contidos

- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.
- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.
- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

1.4 Orientacións pedagóxicas

A intervención educativa na materia de Xeografía e Historia desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Xeografía e Historia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3		4	1-2		1		
OBX2	1-2			2		1-3	3	3
OBX3			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4					2	1-2-3-4	1	
OBX5	5					1-2		1
OBX6	5				3	1-2-3		1
OBX7		3			1	1-2-3		1
OBX8			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9	2					1-2-3-4	1	1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

- Unha organización, programación e secuenciación de contidos, abordadas desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado.

- Un enfoque metodolóxico eminentemente práctico e activo que siga a máxima de que se aprende facendo e que inclúa a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, que reforzará a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Ademais, este modo de aprendizaxe outórgalle tamén ao alumnado o protagonismo na construción do coñecemento e un papel activo na xeración de contidos por medio de procesos e estratexias de indagación e investigación, a través do manexo de distintas formas de representación.
- Unha concepción do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento no alumnado, axustándose ao nivel competencial inicial deste e tendo en conta a atención á súa diversidade e individualidade. Isto permitirá, ademais, adaptarse aos seus intereses, aptitudes e diferentes ritmos, así como prever as dificultades de aprendizaxe e deseñar, de ser o caso, os necesarios mecanismos de reforzo. Ten que permitir, igualmente, a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.
- A formulación de estratexias interdisciplinares para as que esta materia representa un papel central como eixe vertebrador, na medida en que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento. Isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe desde unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.
- A contextualización das aprendizaxes e a súa conexión cos problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, facilitando dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permitindo crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propician a participación e o compromiso co contorno e coa comunidade.
- A interacción no seo do grupo, incluída a persoa docente, coa resolución de interrogantes e a exposición argumentada a través de diálogos e debates sobre asuntos centrais da actualidade e do pasado, facilitando o intercambio de ideas e a formación da identidade individual, o afianzamento dunha actitude tolerante e a creación dunha conciencia cívica que inclúe o respecto a outras formas de pensar e valorar.